

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2021-2022

ÍNDICE

1. OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

3. ORGANIZACIÓN ESCOLAR

3.1. DATOS ESTATÍSTICOS

3.2. DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS E MATERIAS (Anexo I)

3.3. CLAUSTRO DE PROFESORES

3.4. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

3.5. TITORÍAS E HORARIOS DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

3.6. TITORÍA PRÁCTICUM MÁSTER PROFESORADO

3.7. CONSELLO ESCOLAR

3.8. COMISIÓNS CONSTITUÍDAS

3.9. CALENDARIO DO CURSO

3.10. PERSOAL NON DOCENTE

4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

5. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

6. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

7. PROXECTOS E PLANS.

7.1. PROXECTO PLURILINGÜE

7.2. CPINNOVA: CONTRATO PROGRAMA SOBRE DINAMIZACIÓN DE HÁBITOS SAUDABLES

7.3. CPINCLÚE: CONTRATO PROGRAMA IGUALAT

7.4. CONTRATO PROGRAMA RECUPERAT

7.5. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

7.6. PLAN DE CONVIVENCIA

7.7. PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Anexo II)

7.8. PROGRAMA DE ACCIÓN TITORIAL (Anexo III)

7.9. PROXECTO DE FOMENTO DE USO DA LINGUA GALEGA (Anexo IV)

7.10. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (Anexo V)

7.11. PLAN ANUAL DE LECTURA (Anexo VI)

7.12. PLAN DE IGUALDADE (Anexo VII)

1. OBXECTIVOS DO PLAN ANUAL

No curso 2021-2022 comezamos un novo equipo directivo cun proxecto que queremos levar a cabo.

1.1. OBXECTIVOS XERAIS.

Partindo da análise realizada estímase atender de xeito prioritario as seguintes, tendo en conta que algunha delas é competencia das diferentes administracións, das que agardamos a correspondente cooperación:

- Acordar e desenvolver unha identidade propia do centro segundo o Proxecto Educativo do centro.
- Dinamización e coordinación da participación da comunidade educativa na vida do centro, moi especialmente do cadro docente, motor indispensable para calquera proxecto educativo.
- Un adecuado número de profesores/as que permita as especialidades e posibilite os desdobres e os reforzos educativos, tal e como prevé a nova normativa educativa.
- Apoio para que o noso centro, que atende moita da diversidade da zona, participe en convocatorias como TIC, Calidade, PROA, ARCO, bilingüismo, ...
- Mellorar o rendemento académico do noso alumnado, mantendo as baixas cifras de absentismo en xeral e diminuír as de abandono temperán dos estudos e a formación.
- Harmonización e coordinación do proceso de ensino - aprendizaxe entre departamentos e dentro dos mesmo.
- Fortalecemento do Programa Integrado de Linguas e Plans Lectores do Centro.
- Renovación do Plan Lingüístico do centro e impulso do Equipo de Dinamización Lingüística no marco do anterior.
- Consolidar e abrir o traballo desenvolvido polo Equipo da Biblioteca a toda a comunidade educativa.
- Actualización das NOF do centro, en consonancia coa nova normativa e, especialmente, coa actualización do propio Regulamento Orgánico, prevista pola administración educativa.
- Actualización do Plan de Convivencia do centro, inserto nas NOF, e por medio del, tratar de xeito proactivo os problemas de convivencia, con especial atención aos posibles casos de acoso e ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero ou calquera tipo de violencia, que se poidan producir entre o alumnado.
- Harmonización das diversas ferramentas pedagóxicas, de administración e xestión utilizadas no centro (Páxina Web, Redes Sociais, XADE, Aula Virtual – Moodle, ...).
- Dinamizar e coordinar os diversos plans do centro que se leven a cabo no centro.

1.2. ACCIÓNS E INTERVENCIÓNS. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O equipo directivo, centrará o seu esforzo na consecución dos seguintes **obxectivos xerais** que se desenvolverán ao longo dos vindeiros catro anos:

- 3.1 Impulsar a ampliación, mellora e mantemento axeitado do edificio, das instalacións e dotacións de mobiliario e material.**

- 3.2 Facilitar a participación e a coordinación de todos os sectores implicados no desenvolvemento do centro.**
- 3.3 Promover o coñecemento, presenza e prestixio do centro no seu entorno.**
- 3.4 Impulsar unha xestión administrativo - económica transparente e eficaz, e velar polo axeitado funcionamento dos servizos complementarios.**
- 3.5 Revisar e actualizar os documentos de xestión xeral do centro.**
- 3.6 Conseguir a mellora dos resultados académicos do alumnado. Velar polo cumprimento das avaliacións coherentes no proceso do ensino-aprendizaxe.**
- 3.7 Aplicar medidas de atención a diversidade, consolidando medidas que xa temos en práctica, apoios educativos, desdobres, reforzos educativos,..., potenciando actuacións do departamento de Orientación.**
- 3.8 Impulsar o uso das novas tecnoloxías como recurso didáctico no proceso de ensino - aprendizaxe.**
- 3.9 Dinamizar o uso da lingua galega, fomentar a competencia comunicativa e o plurilingüísimo, para acadar que o alumnado sexa competente na lingua castelá, galega e alo menos unha lingua estranxeira o acabar a escolarización obrigatoria.**
- 3.10 Estimular a innovación, investigación e o traballo en equipo do profesorado.**
- 3.11 Promover un plan de actividades extraescolares e complementarias vinculado co currículo.**
- 3.12 Potenciar unha actitude creativa que fomente a construción de roles de xénero alternativos aos que provocan violencia contra as mulleres.**
- 3.13 Adoptar as medidas conducentes a proporcionar unha educación para a igualdade e a erradicar prexuízos e desigualdades por razón de xénero.**
- 3.14 Coordinar os protocolos de calquera tipo de acoso e manifestación de violencia, e informar á comunidade educativa destes protocolos, e das actuacións existentes, asemade como a execución e seguimento das mesmas.**

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

Infantil e primaria

De luns a venres:

- 9:00 a 14:00 (período lectivo)
- 14:00 a 15:30 (comedor)

Secundaria

De luns a venres:

- 9:00 a 14:30 (período lectivo)
- 14:30 a 15:30 (comedor)

Luns:

- 15:45 a 17:25 (período lectivo)

DISPOÑIBILIDADE DOS SERVIZOS E INSTALACIÓNS DO CENTRO

BIBLIOTECA

Primaria:

Estará a disposición do profesorado e do alumnado ó longo de toda a xornada lectiva.

Permanecerá aberta durante os períodos lectivos para atender o servizo de préstamo.

Permanecerá aberta nos períodos de lecer para uso do alumnado.

Dispón de 7 ordenadores, pantalla e proxector.

Secundaria:

Estará a disposición do profesorado e do alumnado ao longo de toda a xornada lectiva, agás as horas que, por razóns de organización, será preciso mantela pechada.

Os períodos de lecer permanecerá aberta para atender o servizo de préstamo e a disposición do alumnado.

Dispón de 7 ordenadores para que o alumnado, e co único fin de consultar ou preparar temas de carácter académico, faga uso deles.

VIXILANCIA DE RECREOS E ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE UTILIZA O TRANSPORTE ESCOLAR

As vixilancias de recreo e a atención ao alumnado que utiliza o transporte escolar, se organizará por quendas que se establecerán mensualmente, en Infantil e Primaria. En secundaria establécese un horario semanal fixo.

APERTURA DO CENTRO A DISPOSICIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

De luns a venres de 09:00 a 17:30

Atención ao público da Secretaría do centro: 10:00 a 13:00

HORARIO DE VERÁN

Mes de xullo: de 10:00 a 14

3. ORGANIZACIÓN ESCOLAR

3.1. DATOS ESTADÍSTICOS

MATRÍCULA 2021-22

Etapa	Curso	Nº alumnos/-as	Totais			
Infantil	4º E.I.	15	42	173	277	
	5º E.I.	15				
	6º E.I.	12				
Primaria	1º	22	131	173		277
	2º	21				
	3º	21				
	4º	21				
	5ºA	18				
	6ºA	14				
	6ºB	14				
Secundaria	1ºA	23	104	173	277	
	2ºA	15				
	2ºB	16				
	3º	26				
	4º	24				

3.2. DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS E MATERIAS

O horarios do profesorado adxúntase anexo XXX

3.3. CLAUSTRO DE PROFESORES

EDUCACIÓN PRIMARIA

- ✓ Abucide Castelao, Isabel (6º Infantil)
- ✓ Carou Blanco, María del Carmen (Relixión)
- ✓ Costal Vilanova, María Esther (2º Ed. Primaria)
- ✓ Del Río Otero, Alberto (PROA)
- ✓ Fernández González, María Begoña (5º Ed. Primaria)
- ✓ Fernández Pérez, María José (1º Ed. Primaria)
- ✓ Fuentes Sampedro, Nuria (6º A Ed. Primaria)
- ✓ Gippini Jourdan, Beatriz (Música)

- ✓ Gómez Seoane, Concepción
- ✓ Granja Calvelo, Cristina (4º Ed. Infantil)
- ✓ Iglesias Martínez, Albina (Pedagogía Terapéutica)
- ✓ Millán Montero Miguel Ángel (3º Ed. Primaria)
- ✓ Pintos Pena, María del Pilar (6º B Ed. Primaria)
- ✓ Quiroga García, Santiago (Educación Física)
- ✓ Rey Tato, Josefina (5º Ed. Infantil)
- ✓ Ribas Camós, Eulalia (4º Ed. Primaria)
- ✓ Rodríguez Otero, Alba (Audición e Linguaxe)

EDUCACIÓN SECUNDARIA

- ✓ Figueroa Rodríguez, Marco Antonio (Matemáticas)
- ✓ Fírvida Fernández, María (Xeografía e Historia)
- ✓ Fontela Saavedra, Ana (ARCO)
- ✓ Frutos Calderero, Patricia (Lingua Castelá)
- ✓ Garrido Otero, Noelia (Pedagogía Terapéutica)
- ✓ González López Lina María(Música)
- ✓ González Rodríguez, Eva(Francés)
- ✓ Leira Rodríguez, María Rocío (tecnoloxía)
- ✓ Maciñeiras Núñez, Angel Manuel (Física e Química)
- ✓ Paz Gago, María
- ✓ Pérez García, María Fé (Lingua galega)
- ✓ Porta Ropdríguez, Sara (Bioloxía) en Substitución de Mourullo Míguez, Belén
- ✓ Rivadulla Taboada, Florentina (Orientación)
- ✓ Rodis Martínez, Manuel (Inglés)
- ✓ Rúa Barcia, María Estrella (Relixión)
- ✓ Ruza Lodeiro, María del Carmen (Plástica)
- ✓ vieites Balsa, Belén (matemáticas) en substitución de Ferro Carrillo, Ana

3.4. REUNIÓN:

CLAUSTRO

O Claustro reunirse, como mínimo, unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o director ou o solicite polo menos un terzo dos seus membros. En calquera caso haberá una reunión por trimestre para facer o seguimento e avaliación da programación xeral anual.

CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar reunirse ao principio de curso, trimestralmente e o final de curso. Ademais reunirse tantas veces sexa necesario convocado polo Presidente ou a petición de dous terzos, polo menos, dos seus compoñentes. As xuntanzas de carácter ordinario coincidirán coa aprobación, seguimento e avaliación da Programación xeral anual, así como coa presentación das contas de xestión económica e o orzamentos anuais.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Reunirse con carácter xeral mensualmente.

EQUIPO DIRECTIVO

As actuacións do equipo directivo concretaranse nas reunións que para tal efecto se articulan no horario de cada un dos seus membros, os venres de 9:50 a 10:40.

- Coordinar todas as actividades do centro
- Promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do PEC
- Favorecer a convivencia e garantir a mediación dos conflitos.
- Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co entorno.
- Consensuar a realización de obras e servizos e subministros.

DEPARTAMENTOS DE SECUNDARIA

Terá carácter mensual, segundo a convocatoria da xefatura do departamento, dentro das horas complementarias fixas no horario do profesorado.

EQUIPOS DOCENTES DE INFANTIL E PRIMARIA

Os equipos docentes de primaria reúnen os luns de 16:30 a 17:30.

3.5. TITORÍAS E HORARIOS DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

Ao longo do presente curso, os pais/nais ou titores, poderán recibir información da marcha escolar dos alumnos e alumnas nas seguintes horas de titoría segundo etapas ou grupos:

EDUCACIÓN INFANTIL/PRIMARIA

A atención ás familias en infantil e primaria é os luns de 15:30 a 16:30.

SECUNDARIA

Marco Antonio Figueroa Rodríguez	Martes 10:55
Ana Ferro Carrillo	Mércores 10:55
María Fírvida Fernández	Luns 11:45
Ana Fontenla Saavedra	Luns 10:55
Patricia Frutos Calderero	Xoves 10:55
Noelia Garrido Otero	Martes 12:50
Lina María González López	Luns 12:50
Eva González Rodríguez	Venres 12:50
M. ^a Rocío Leira Rodríguez	Xoves 11:45
Ángel Manuel Maciñeiras Núñez	Mércores 12:50
María Paz Gago	Martes 11:45
M. ^a Fe Pérez García	Luns 10:55
Florentina Rivadulla Taboada	Martes 12:50
Manuel Rodís Martínez	Venres 11:45
M ^o Carmen Ruzo Lodeiro	Luns 11:45

3.6. CONSELLO ESCOLAR

Director: Ángel Manuel Maciñeiras Núñez

Xefa de estudos de infantil e Primaria: M^a Esther Costal Vilanova

Xefe de estudos de Secundaria: Manuel Rodís Martínez

Secretaria: María Paz Gago

Representante do Concello: Marta Magina Copons Neira

Representantes do profesorado:

- Santiago Quiroga García (2016)
- Albina Iglesias Martínez (2016)
- Florentina Rivadulla Taboada (2018)
- M^a Rocío Leira Rodríguez (2018)

Representantes dos/das pais/nais:

- Pedro Otero López (2016)
- Ana M^a Meca Juncal (2018)
- Alba González Lorenzo (2018)

Representantes do alumnado:

Uxía Granja Suárez (2018)

Representante do persoal de administración e servizos:

Mercedes González Aguiar (2016)

3.8. COMISIÓNS CONSTITUÍDAS

COMISIÓN DE CONVIVENCIA:

Director: Angel Manuel Maciñeiras Núñez

Xefa de estudos de Infantil e Primaria: M^a Esther Costal Vilanova

Xefe de estudos de Secundaria: Manuel Rodis Martínez

Albina Iglesias Martínez (Profesora)

Florentina Rivadulla Taboada (Orientadora)

Uxía Granja Suárez (alumna)

Mercedes González Aguiar (PAS)

IGUALDADE HOME/MULLER:

Florentina Rivadulla Taboada (Orientadora)

Santiago Quiroga García (Profesor)

COMISIÓN ECONÓMICA:

Director: Angel Manuel Maciñeiras Núñez

Secretaria: María Paz Gago

M^a Esther Costal Vilanova (Profesora)

Pedro Otero López (Pai)

COMISIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR:

Xunta económica

Alba González Lorenzo (encargada de comedor)

3.9. CALENDARIO DO CURSO

SESIÓNS DE AVALIACIÓN

No presente curso levaranse a cabo de acordo co seguinte calendario:

- **Avaliación Inicial:** Mes de outubro
- **1^a Avaliación:**
 - Infantil/Primaria:
 - 13 e 14 de decembro
 - 21 de decembro
 - Secundaria:

- 1 de decembro: 1º/2º ESO
- 2 de decembro: 3º/4º ESO
- Publicación de notas: 3 decembro de 2021
- **2ª Avaliación:**
 - Infantil/Primaria:
 - 7 e 8 de marzo
 - 11 de marzo
 - Secundaria:
 - 9 de marzo: 4º/3º ESO
 - 10 de marzo: 2º/1º ESO
 - Publicación de notas: 11 marzo de 2022
- **3ª Avaliación/Ordinaria**
 - Infantil/Primaria:
 - 13 e 14 de xuño
 - 21 de xuño
 - Secundaria:
 - 6 de xuño: 1º/2º ESO (16.30 h.)
 - 7 de xuño: 3º/4º ESO (18.00 h.)
 - Publicación de notas: 8 de xuño de 2022
- **e. Avaliación extraordinaria Xuño 2022**
 - Exames: 20, 21 e 22 de xuño de 2021.
 - Sesións de Avaliación: 23 de xuño ás 9.00 h. (4º/3º/2º/1º)
 - Publicación de notas: 27 de xuño ás 12.00 h.

3.10. PERSOAL NON DOCENTE

CATEGORÍA	MEMBRO DO PERSOAL
Conserxe de Primaria	Luis García Couto
Conserxe de Secundaria	José Manuel Barrio Pérez
Auxiliar administrativo	Alba González Lorenzo
Axudante de cociña	Mercedes González Aguiar
Axudante de cociña	Isabel Lobato Curtrín
Axudante de cociña	Mercedes Vázquez Turnes
Oficial de Segunda de cociña	Rosa Ana Riveira Fernández
Auxiliar de conversa	Pinky Puni

4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

COMEDOR ESCOLAR

A organización do servizo de comedor réxese polo Decreto 132/2013, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares, e a Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor.

Segundo o número de comensais este centro é de tipo D (de 251 a 350 comensais). De acordo con este tipo de comedor disporá de 1 oficial 2ª de cociña, e 3 axudantes de cociña.

O persoal de atención ao alumnado ven determinado polo total dos alumnos e alumnas comensais:

Educación Infantil: 3 persoas

Educación Primaria: 7 persoas

Educación Secundaria: 3 persoas

Ao non existir profesorado suficiente que voluntariamente se encargara das tarefas de atención ao alumnado, participan en funcións de atención ao alumnado usuario do comedor 11 pais/nais.

Número total de comensais	296
- Educación Infantil e Primaria	164
- Educación Secundaria	102
- Outros comensais:	
- Director	1
- Encargado	1
- Persoal laboral	4
- Colaboradores	14
- Usuario sen axuda (profesores e persoal non Docente)	10

O comedor escolar funciona en dúas quendas

HORARIO DE ATENCIÓN AO ALUMNADO NO DESCANSO DO MEDIODÍA

Ed. Infantil e Primaria

- 14:00 a 14:30 - Comedor
- 14:30 a 15:30 – Patio

Distribución de colaboradores por espazos:

- Comedor: 12 colaboradores
- Patio de Infantil e 1º e 2º de Primaria: 5 colaboradores
- Patio de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria: 5 colaboradores

Ed. Secundaria

- 14:30 a 15:30

OBXECTIVOS XERAIS

- 1 Proporcionar aos alumnos/as unha dieta equilibrada.**
- 2 Fomentar nos escolares a adquisición de hábitos dietéticos e hixiénicos alimentarios e de convivencia.**
- 3 Proporcionar ao alumnado e persoal colaborador formación, encamiñada a adquirir hábitos alimenticios sanos.**

NORMAS INTERNAS

- 1 Cuidarase especialmente da orde e compostura do alumnado nas entradas, estancias e saídas do comedor, así como da distribución equitativa e correcta dos alimentos, utilización adecuada de cubertos, vasos, servilletas e vixiarase que non se faga mal uso dos alimentos.
- 2 Os espazos ou recintos nos que se encontre o alumnado deben contar en todo momento coa presenza dun colaborador.
- 3 O alumnado non debe acceder as dependencias do interior do centro a non ser que o acompañe un colaborador.
- 4 Como norma xeral, utilizaranse os servizos exteriores. En caso de que un alumno/a teña necesidade de acceder ao interior será imprescindible que o acompañe un colaborador.
- 5 Despois do xantar, os colaboradores organizarán o acceso as aulas e os baños interiores para facilitar ao alumnado o cepillado de dentes.
- 6 Cando se faga uso da biblioteca e da sala de xogos é imprescindible a presenza dun colaborador.
- 7 En caso de mal tempo, o alumnado de 2º e 3º ciclo de Primaria poderán utilizar o salón de actos como sala de audiovisuais, a biblioteca, a aula habilitada para sala de xogos e o polideportivo, e sempre coa necesaria presenza dun colaborador.
- 8 Os alumnos de Infantil e 1º ciclo de Primaria, os días de mal tempo, poderán utilizar as aulas e corredores que se habilitarán como salas de audiovisuais e de xogos.
- 9 Se un alumno/a se atopa mal ou sofre un accidente chamaráse inmediatamente a súa familia, se non se pode localizar a esta, e a situación se considera grave chamar aos teléfonos 061/112. O centro conta con botiquín de primeiros auxilios.
- 10 Se un pai/nai ven recoller ao seu fillo/filla antes do remate do tempo de comedor, deberá firmar unha autorización que se facilitará no centro.
- 11 De luns a venres, os meses de xuño e setembro, e os venres, o resto do curso, cando soe o timbre para saír, formaránse filas e os colaboradores acompañarán aos alumnos as respectivas aulas para que recollan as mochilas.

O incumprimento das normas será notificado polo persoal encargado á Comisión de Convivencia que resolverá segundo as normas xerais do Centro.

TRANSPORTE ESCOLAR

Para un correcto uso do transporte escolar a dirección do centro infórmales das normas que os usuarios do mesmo deben ter en conta:

1 Cada alumno/a fará uso da liña (autobús) e parada que lle corresponda segundo o lugar do seu domicilio, e coa debida autorización.

2 Non se permite cambiar nin de liña nin de parada, salvo en caso xustificado (cambio de domicilio), e sempre coa previa autorización da dirección do centro.

3 No autobús cada alumno/a terá asignado un asento. Permanecerá sentado, mantendo unha compostura adecuada.

4 Unha vez que cheguen tódolos autobuses ó centro, os alumnos/as dirixiranse ós patios onde permanecerán ata que toque o timbre para entrar nas aulas.

5 Momentos previos ó remate da xornada escolar, os autobuses estarán estacionados no lugar de costume. Cada alumno/a subirá a aquel que lle corresponda con orde.

6 Os alumnos/as usuarios do transporte escolar que algún día non fagan uso do transporte porque utilizan outros medios, **DEBERÁN ENTREGAR A AUTORIZACIÓN DEBIDAMENTE CUMPRIMENTADA EN XEFATURA DE ESTUDOS (O modelo de autorización está á súa disposición en Secretaría) ESTA AUTORIZACIÓN DEBERÁ SER CONFIRMADA PERSOAL OU TELEFONICAMENTE POLO PAIS/NAIS/TITORES.**

• CANDO UN PAI O NAI DECIDA RECOLLER PERSOALMENTE A UN ALUMNO/A NA SAÍDA, COMUNICARÁ AO ACOMPAÑANTE DO AUTOBÚS QUE O ALUMNO NON REGRESARÁ NO TRANSPORTE ESCOLAR.

Calquera outra cuestión que afecte a cambios de liña ou parada consultarase co director do centro

Todos os autobuses dispoñen de acompañante.

As incidencias en ruta serán comunicadas ao centro, onde haberá persoal de garda para recibir as chamadas. Ante calquera emerxencia será o persoal de garda quen active o protocolo, comunicando aos pais as incidencias ben a través do acompañante do autobús ou dende o propio centro e tomando as decisións que nese momento sexan as oportunas.

Alumnos usuarios do transporte escolar:

Nº RUTA	EMPRESA	Nº DE ALUMNOS
1	Lázara-Rías Baixas	47
2	Autocares Mougán S.L.	34
3	Autocares de Santiago S.L.	48
4	Autocares Mougán S.L.	43
6	Autocares Rías Baixas S.L.	36
7	Empresa Santiago S.L.	35
TOTAL		243

Total alumnos matriculados: 277

Alumnos que utilizan o transporte escolar: 243

Alumnos non o utilizan: 24

5. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

A hora de libre configuración en 4º e 6º de Primaria dedicarase ao afondamento e reforzo das materias instrumentais (matemáticas e lingua).

En 1º de ESO impártese a materia Música viaxeira e en 2º ESO Programación.

6. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA DAS MATERIAS 2020-21

Educación Infantil: resultados da pregunta aos pais/nais titores sobre a lingua predominante entre o alumnado.

Unha vez feita a consulta inicial aos pais/nais do alumnado de Educaión Infantil, constatamos que a lingua materna predominante entre os mesmos é o galego.

LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁ CADA MATERIA

A continuación indicamos, por cursos, a lingua na que se impartirá cada materia de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria:

1º EDUCACIÓN PRIMARIA				
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua Castelá	4		4	
Lingua Galega	4	4		
Lingua Estranxeira	2	-	-	
Música	1		1	
Plástica	1			1
Educación Física	2	2		
Matemáticas	5		5	
Ciencias Sociais	3	3		
Ciencias da Natureza	2	2		
Relixión	1		1	
Valores Éticos	1		1	
TOTAIS	26	11	12	1

2º EDUCACIÓN PRIMARIA				
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua Castelá	4		4	
Lingua Galega	4	4		
Lengua Estranxeira	2	-	-	
Música	1	1		
Plástica	1			1
Educación Física	2	2		
Matemáticas	5		5	
Ciencias sociais	2	2		
Ciencias da natureza	2	2		
Relixión	2		2	
Valores Éticos	2		2	
TOTAIS	27	11	13	1

3º EDUCACIÓN PRIMARIA				
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua Castelá	4		4	
Lingua Galega	4	4		
Lengua Estranxeira	3	-	-	
Música	1		1	
Plástica	1			1
Educación Física	2	2		
Matemáticas	4		4	
Ciencias sociais	3	3		
Ciencias da natureza	2	2		
Relixión	1		1	
Valores Éticos	1		1	
TOTAIS	26	11	11	1

4º EDUCACIÓN PRIMARIA				
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua Castelá	4		4	
Lingua Galega	4	4		
Lengua Estranxeira	3	-	-	
Música	1	1		
Plástica	1			1
Educación Física	2	2		
Matemáticas	4		4	
Ciencias sociais	2	2		
Ciencias de natureza	2	2		
Relixión	1		1	
Valores Éticos	1		1	
Libre configuración (Reforzo)	1	-	-	-
TOTAIS	26	11	10	1

5º EDUCACIÓN PRIMARIA				
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua Castelá	4		4	
Lingua Galega	4	4		
Lingua Estranxeira	3	-	-	
Música	1	1		
Plástica	1			1
Educación Física	2	2		
Matemáticas	5		5	
Ciencias sociais	2	2		
Ciencias da natureza	2	2		
Relixión	1		1	
Valores Éticos	1		1	
TOTAIS	26	11	11	1

6º EDUCACIÓN PRIMARIA				
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua Castelá	3		3	
Lingua Galega	3	3		
Lingua Estranxeira	3	-	-	
Música	1	1		
Plástica	1			1
Educación Física	2	2		
Matemáticas	5		5	
Ciencias sociais	3	3		
Ciencias da natureza	2	2		
Relixión	1		1	
Valores Éticos	1		1	
Libre configuración (Reforzo)	1	-	-	-
TOTAIS	26	11	10	1

1º E.S.O			
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN
Lingua Castelá	4		4
Lingua Galega	4	4	
Lingua Estranxeira: Primeira	3	-	-
Lingua estranxeira: Segunda	2	-	-
Bioloxía e Xeoloxía	4	4	
Xeografía e Historia	3	3	
Debuxo	2	2	
Educación Física	2		2
Matemáticas	5		5
Libre configuración: Música Viaxeira	1	1	
Relixión	1		1
Valores Éticos	1		1
TOTAIS	33	14	13

2º E.S.O.			
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN
Lingua Castelá	3		3
Lingua Galega	3	3	
Lingua estranxeira: Primeira	3	-	-
Lingua estranxeira: Segunda	2	-	-
Física e Química	3		3
Xeografía e Histoira	3	3	
Música	2	2	
Tecnoloxía	3		3
Educación Física	2	2	
Matemáticas	5		5
Programación	1	1	
Relixión	1	1	
Valores	1	1	
TOTAIS	33	13	14

3º E.S.O.			
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN
Lingua Castelá	3		3
Lingua Galega	3	3	
Lingua estranxeira: Primeira	3	-	-
Lingua estranxeira: Segunda	2	-	-
Música	2	2	
Debuxo	2	2	
Educación Física	2		2
Matemáticas	4		4
Xeografía e Historia	3	3	
Bioloxía e Xeo	2	2	
Física e Química	2		2
Tecnoloxía	2		2
Cultura Clásica	2	2	
Relixión	1	1	
Valores Éticos	1		1
TOTAIS	34	15	14

4º E.S.O.			
MATERIA	Nº DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN
Lingua Castelá	3		3
Lingua Galega	3	3	
Primeira Lingua estranxeira	3	-	-
Segunda Lingua Estranxeira	3	-	-
Música	3	3	
Debuxo	3	3	
Educación Física	2		2
Matemáticas orient. ás ens. Académicas	4		4
Matemáticas orient. Ás ens. Aplicadas	4		4
Xeografía e Historia	3	3	
Bioloxía e Xeo.	3	3	
Física e Química	3		3
Tecnoloxía	3		3
Economía	3		3
Latín	3	3	
TIC	3		3
Ciencias aplicadas á actividade profesional	3	3	
Relixión	1	1	
Valores éticos	1	1	
TOTAIS	54	23	25

7. PROXECTOS E PLANS

7.1. PROXECTO PLURILINGÜE

O proxecto plurilingüe permite impartir en lingua inglesa a materia de Plástica en toda a educación Primaria e poder contar cunha auxiliar de conversa ao longo de todo o curso.

Establécense os mecanismos de seguimento e avaliación que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que se deberán reflectir na memoria final de cada curso. Estes mecanismos estableceranse unha vez coñecidos os resultados das distintas avaliacións, que serán elaborados polo coordinador do programa xunto co profesorado implicado.

7.2. CPINNOVA: CONTRATO PROGRAMA SOBRE DINAMIZACIÓN DE HÁBITOS SAUDABLES

No noso centro, esta innovación xorde como resposta a unha necesidade de mellora e, tendo un marco teórico que o apoia, determinouse a necesidade de realizar un proxecto para promover hábitos alimentarios saudables, hixiene, prácticas deportivas e reciclaxe no ambiente que promoverán o hábito destas prácticas na vida cotiá dos estudantes e á súa vez na súa promoción a comunidade educativa e polo tanto extensible á rutina das familias.

De xeito complementario, o proxecto busca promover e recoñecer as diferentes actividades que o profesorado desenvolve no centro educativo, relacionadas cos hábitos saudables na escola.

Este programa está xustificado por:

- A importancia de adquirir estilos de vida saudables en nutrición e actividade física desde as primeiras etapas da vida.
- A necesidade de coñecer os diferentes alimentos e diferenciar os bos para a saúde
- Evitar a existencia de causas de exceso de peso susceptibles de modificación.
- A capacidade de promover hábitos hixiénicos no alumnado.
- Evitar o sedentarismo

7.3. CPINCLÚE: CONTRATO PROGRAMA IGUALAT

A educación é clave para romper coa transmisión dos estereotipos e eliminar as desigualdades entre homes e mulleres, para previr e abordar a violencia de xénero así como para pór en valor a diversidade afectivo-sexual e de xénero e o respecto a todas as persoas.

2.1. Descrición da actuación

Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do

respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes. Farase fincapé en aspectos relevantes na construción da igualdade, ou de actitudes e comportamento discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

2.2. Obxectivos

- a) Desenvolver na escola os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- b) Propiciar dinámicas para sensibilizar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinação e discriminación por razón de sexo na vida cotiá do alumnado e noutras realidades, participando, na medida do posible, en iniciativas que busquen cambiar estas situacións.

7.4. CONTRATO PROGRAMA RECUPERAT

Dentro deste contrato programa temos profesorado PROA+ a media xornada para dar reforzo ao alumnado de 6º de Primaria durante todo o curso. Ademais temos o programa ARCO cunha especialista en física en química para dar apoio a 1º, 2º e 3º de ESO durante o primeiro trimestre.

7.5. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O plan de formación do profesorado durante o curso 2021-2022 ten dous itinerarios formativos na liña de Educación Dixital e integración das TIC:

- Un GT de 20 horas que estará encargado e monitorizado desde o CAFI para a elaboración do plan Dixital de Centro.
- E a formación EVA Edixgal do primeiro ano proporcionada polo CAFI.

7.6. PLAN DE CONVIVENCIA

De cara a favorecer unha convivencia positiva no centro para aprender a vivir e convivir xuntos , este curso tendo en conta os obxectivos do Plan de convivencia, as actividades **de PREVENCIÓN** que se propoñen son as seguintes:

ACTIVIDADES DE CENTRO	ACTIVIDADES DE ETAPA
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Elaboración de pautas cara a prevención de conflitos no centro. ➤ Difusión do NOF. ➤ Traballar en tódalas etapas en base a valores de respecto , tolerancia , habilidades 	<p>INFANTIL:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Información aos pais para propiciar unha entrada sen conflitos • Xogos de socialización para favorecer a relación e integración do grupo • Normas de clase .

<p>sociais , desde unha dinámica grupal.</p> <p>➤ Busca de información por parte dos profesores , da situación na que se atopan os diferentes alumnos /as para tratar de localizar as causas de posibles situacións conflictivas.</p> <p>➤ Uso habitual de estratexias de resolución non violenta dos conflitos, favorecendo a empatía, o sentido da xustiza , da responsabilidade e o espírito crítico construtivo, tendo en conta as CARACTERÍSTICAS DIVERSAS DO ALUMNADO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Organización e distribución do espazo na aula. • Actividades de Habilidades sociais, autoestima, autocontrol, convivencia cos demais. <p>PRIMARIA:</p> <ul style="list-style-type: none"> ◦ Actividades para favorecer a relación e integración do grupo. ◦ Normas de clase. ◦ Elección democrática de delegados ◦ Habilidades sociais en todos os cursos a través dos programas de “ HABILIDADES SOCIAIS E CINE PARA A CONVIVENCIA. ◦ Convivencia cos demais ◦ Actitudes participativas. <p>SECUNDARIA:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Elección de delegado de forma democrática. ✓ Dereitos e Deberes do alumnado. ✓ Habilidades Sociais a través dos programas de RELACIONARNOS BEN E “SER PERSOA E RELACIONARSE “ ✓ Actividades que proporcionen a formación dunha imaxe adecuada de sí mesmo e o establecemento de relacións con outras persoas (HABILIDADES COGNITIVAS E SOCIAIS E CRECEMENTO MORAL) ✓ Educación en Valores. ✓ Prevención acoso, uso da internet, violencia de xénero (TALLERES, PLAN DIRECTOR...) <p>POTENCIACIÓN DA AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA</p>
--	--

PROTOCOLO E PAUTAS DE ACTUACIÓN

Cando se produce unha situación de conflito:

- Realizar unha escoita activa ante o alumnado.

- Negociación de normas específicas e básicas de aula, primeiro co alumnado de cada aula e logo consensuadas por tódolos niveis e grupos , tanto en Ed. Primaria como en Secundaria.
- Establecer situacións contractuais cos alumnos (por escrito)
- Resolución do conflito (prioritariamente polo profesor de área no momento concreto).
- Evitar na medida do posible que o alumno/a que provoca unha situación conflitiva, remate por “ norma “ xunto ao equipo directivo.
- Negociar co alumnado pero respectando e atendendo os seus dereitos e deberes.
- Concienciar ó alumnado da necesidade prioritaria que supón acadar unha formación académica mínima.
- Procurar solucionar o problema no momento que se produza con normas de resolución consensuadas polas partes.
- Censurar os feitos e non ás persoas.
- É moi importante traballar en contexto de equipo, contar co respaldo de todos . O protocolo debe ser asumido e utilizado por tódolos implicados no proxecto.
- Non só berrar ou increpar unha infracción ou disrupción , hai que acompañalo dalgunha medida consensuada e acordada polas partes (se é posible)
- Buscar solucións reais , non finais, nin globais . Superar pequenos obxectivos que propoñan a sanción ou corrección.
- Medidas Curriculares de Atención á Diversidade (Reforzos, ACI...). Favorecelas e implicarse na súa implementación.
- Se a situación o require, información e asesoramentos dos servizos externos (SS do Concello,. Equipo Específico, etc....).
- Persoas implicadas por orden de intervención:
 PROFESOR IMPLICADO – TITOR - FAMILIAS – XEFE DE ESTUDOS – FAMILIAS – DIRECCIÓN – COMISIÓN DE CONVIVENCIA CO ASESORAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

7.7. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Anexo II)

7.8. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (Anexo III)

7.9. PROXECTO DE FOMENTO DE USO DA LINGUA GALEGA (Anexo IV)

7.10. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (Anexo V)

7.11. PLAN ANUAL DE LECTURA (Anexo VI)

7.12. PLAN DE IGUALDADE (Anexo VII)